

INTERVENCIÓN DA CIG-ENSINO NO CONSELLO GALEGO DE FP

7 DE XUÑO DE 2024

A CIG-Ensino comezou a súa intervención afeando á Consellaría que remitira esta mesma mañá tanto a acta da reunión anterior como o Anteproxecto de Decreto polo que se transforma a Escola de Canteiros de Pontevedra en CIFP sen tempo apenas para revisar a documentación para despois centrarse nos seguintes puntos:

Ausencia de negociación

Poderíase reproducir a mesma argumentación que os últimos anos: **esta oferta formativa ten que someterse a contraste do profesorado a través do único órgano realmente que ten competencia negociadora, que é a Mesa Sectorial docente**. Que marxe teñen os centros a estas alturas para presentar calquera proposta? Ningunha. Por que actúa arbitrariamente a Consellaría comunicándolles desde hai días a algúns equipos directivos que ciclos van ter e a outros non? Por certo, con algúns alcaldes parece que si que falan da oferta formativa que poden ter determinados centros. Por suposto tamén consideramos que é unha falta de respecto para o persoal docente que a Consellaría leve dúas semanas facendo anuncios mediáticos por comarcas e localidades galegas e presenten agora, como mero trámite neste órgano, **unha oferta xa pechada** e sobre a que dá igual o que se comente que xa non vai ser tido en conta.

A directora xeral responde que nunca pasou pola Mesa Sectorial porque afecta a máis entidades que a educativa “dado que na oferta de formación profesional interveñen outras Consellarías e están implicadas outras entidades presentes no Consello Galego de FP”. Indica que os centros xa coñecen a oferta e que o resultado da mesma é froito do traballo realizado ao abeiro do Plan Conecta no que tamén puideron participar as organizacións sindicais.

A CIG-Ensino discrepa con esta apreciación por varias cuestións:

Efectivamente a oferta global de Formación Profesional, que inclúe a formación profesional regrada, continua e ocupacional, está xestionada por outras Consellarías, pero neste Consello Galego de FP o borrador de Orde que se presenta hoxe é SÓ da educativa e SÓ a dos centros públicos, polo que se este órgano quere ser realmente aberto entón tería que poderse analizar todo o entramado de cursos que xestionan as outras Consellarías, nomeadamente a de Emprego, Comercio e Emigración, e iso non se fai. Por outra banda, a CIG como sindicato máis representativo de Galiza, non foi convidada a participar en ningún deses actos comarcais e sectoriais do Plan Conecta FP, ao que si acudiron Clusteres, Cámaras de Comercio e Asociacións empresariais de todo tipo, polo que a representación legal dos traballadores e traballadoras dos sectores produtivos ficou á marxe desa planificación.

Contido da Orde

Da **exposición de motivos** preocúpanos a relevancia que se lle dá, aínda que non é novidade, ao parágrafo no que se fai referencia á **disposición adicional segunda do Decreto 114/2010** que “**determina que a consellaría promoverá a colaboración coas empresas e as entidades empresariais para impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das**

mesmas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos propios da actividade, así como a actualización profesional". Pedimos que se nos aclare que incidencia ten mencionar isto e se se pretende levar a cabo nos graos C e D, como se denominan agora.

A administración responde que sempre se incorpora este apartado por se nalgún caso algún módulo específico non pode ser impartido nun centro público e cita como exemplo a colaboración de Alcoa ou de Repsol aclarando que se trata de casos illados.

Na **disposición adicional terceira, apartado 2**, indican *que se amplía a oferta modular en todos os centros públicos que teñan oferta ordinaria* para dar resposta á filosofía da nova lei de que a oferta sexa flexíbel, modular, acumulábel e acreditábel. Pero na orde non queda claro como e canto se amplía porque se é coa oferta das prazas que queden vacantes neste réxime, que é como se denomina esa disposición adicional, en realidade non é ningunha novidade nin implica nada a maiores do que xa existe.

A directora xeral responde que efectivamente é así, que non supón ningunha novidade e que simplemente se permite que se hai prazas libres nalgúns módulos nun ciclo ordinario por exemplo se poderán ofertar para ser cursados de forma "modular", é dicir, soltos.

Con respecto aos **datos da oferta facilitados pola Consellaría e do seu incremento á CIG-Ensino non lle dan as contas comparando coa que presentaron o ano pasado**. Mentres que este ano o único que se lle enviou aos membros do CGFP é a oferta en bruto, o ano pasado recibimos un dosier máis detallado con táboas nas que se detallaban o número de ciclos e grupos. A mestura destes dous conceptos, porque un grupo enténdese que é só un curso, dá pé a moita confusión e a non poder facer unha comparativa real das dúas ofertas. A CIG pon de manifesto que, tal e como se facilitaron este ano os datos e comparándoos cos do curso pasado, saen 76 ciclos menos en total e 177 menos no que respecta aos ordinarios. Como non podemos dar fiabilidade a estas cifras por non contarmos cos mesmos parámetros pedimos, para unha maior transparencia, os datos da oferta deste curso igual que os do ano pasado para poder realmente contrastar se os incrementos que se anuncian son reais ou, como inicialmente nos parece, sae prexudicada a oferta ordinaria.

A Consellaría comprométese a enviar un dosier semellante ao do ano pasado.

Disposición adicional cuarta. Ao respecto de aproveitar esta Orde para **modificar aspectos recollidos noutra Orde, en concreto os requisitos de idade para acceder á Formación Profesional Dual Intensiva, non parece o máis axeitado** facelo deste xeito. Neste sentido queremos facer unha **crítica xeral**. Desde a publicación no seu día do *RD 1529/2012, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual*, a Consellaría leva ordenando esta modalidade formativa a base de Ordes e Resolucións que basicamente se cinguen a autorizar proxectos experimentais de ciclos. Agardemos que agora que hai outra nova base lexislativa, coa que a CIG-Ensino está en desacordo en moitos puntos, que son a LOFP e o RD 659/2023, se aveñan a negociar un **Decreto galego que por fin regule a dual intensiva**. Nestes intres, por dicilo dalgún xeito, é bastante "pobre" que a referencia "normativa" nos centros educativos sexa unha **Guía básica da FP dual**. O **modelo de convenios** que se emprega foi durante estes anos tremendamente cuestionado tanto por alumnado como por profesorado por non incluír o que, por certo, indica o RD que si tiñan que conter como é información sobre a **xornada e o horario, os seguros e as condicións** detalladas que teñen que cumprir todas as partes implicadas: empresas, alumnado e titoría do centro.

Con todo, como saben **esta é unha modalidade que a CIG-Ensino rexeita de plano** por moitos motivos, basicamente pola **precarización laboral que supón**, dado que en moitos **casos o alumnado é empregado para substituír persoal da propia empresa ou para realizar tarefas que non lle corresponden e porque non se respecta o carácter formativo da súa estadía na mesma** (por mencionar só algún caso recente como o ciclo anunciado a bombo e platillo o ano pasado coa cooperativa Clun de Melide e no que as “consecuencias” da súa implantación foron moito máis alá de que o ciclo non funcionaba como se agardaba, ou actuacións que rozan a ilegalidade laboral de empresas hoteleiras como Hotusa, sobradamente coñecidas nos centros educativos galegos, ou de grandes cadeas de distribución alimentaria, como Carrefour, nas que por iniciativa do propio alumnado da Dual interveu a Inspección de Traballo). Sinceramente lonxe de facerlle un favor á imaxe do sector empresarial galego ou implantado no noso país, a FP dual na maior parte dos casos serve para todo o contrario, para poñer de manifesto as graves carencias en materia de dereitos laborais que teñen os traballadores e traballadoras dalgunhas empresas e que se fan palpábeis tanto para o alumnado como para o profesorado implicado. E os datos avalan o que estamos a dicir, no sentido de que a imaxe da FP dual non debe ser moi boa socialmente. Na CIG-Ensino gústanos falar con rigor, de aí que lembremos que **o ano pasado máis da cuarta parte das prazas que se ofertaban nesta modalidade quedaron desertas fronte ao resto de modalidades que, no caso da ordinaria por exemplo, a demanda triplicaba a oferta existente, como se pode ver no seguinte resumo de elaboración propia.**

Réxime	Prazas ofertadas	Solicitudes	Diferenza porcentual
Distancia	7578	16822	221,98%
Dual	3736	2710	72,54%
Modular	3207	5754	179,42%
Ordinario	25595	80897	316,07%
Total	40116	106183	264,69%

Outro dato máis que temos que extraer das estatísticas oficiais do Ministerio porque a Consellaría filtra só o que lle interesa é a **proporción de alumnado que no curso 22/23 titulou nos Ciclos Duais con respecto ao total matriculado. Atopamos que a media é do 32%, é dicir, un de cada tres. Iso si, a diferenza é abismal se comparamos os centros públicos, nos que se mantén esa porcentaxe, fronte aos privados nos que ascende ao 57%.** Que está acontecendo aquí? Alguén na Consellaría averiguou se se están a comprar títulos ou mesmo se se están a “comprar prácticas”? Porque se un centro paga por reservar prácticas para o seu alumnado non é un disparate pensar que despois o resultado das mesmas vaia ser con seguridade positivo. Isto que estamos a dicir non é ningún invento da CIG. É algo que se comprobou que estaba acontecendo na Comunidade de Madrid, sobre todo no eido sanitario, e que para evitalo acaba de incluírse na Lei de ensinanzas artísticas unha prohibición expresa de pagar por reservar formación na empresa.

		TODOS OS CENTROS				CENTROS PÚBLICOS				CENTROS PRIVADOS			
		Total	CF FP Grado Básico	CF FP Grado Medio	CF FP Grado Superior	Total	CF FP Grado Básico	CF FP Grado Medio	CF FP Grado Superior	Total	CF FP Grado Básico	CF FP Grado Medio	CF FP Grado Superior
Matriculados	Total	2266	73	829	1345	2189	73	785	1312	77	0	44	33
	Homes	1591	55	569	951	1538	55	539	928	53	0	30	23
	Mulleres	675	18	260	394	651	18	246	384	24	0	14	10
Titulados	Total	725	12	273	440	681	12	247	422	44	0	26	18
	Homes	512	6	191	315	480	6	175	299	32	0	16	16
	Mulleres	213	6	82	125	201	6	72	123	12	0	10	2
%	Total	31,99%	16,44%	32,93%	32,71%	31,11%	16,44%	31,46%	32,16%	57,14%	0,00%	59,09%	54,55%
	Homes	32,18%	10,91%	33,57%	33,12%	31,21%	10,91%	32,47%	32,22%	60,38%	0,00%	53,33%	69,57%
	Mulleres	31,56%	33,33%	31,54%	31,73%	30,88%	33,33%	29,27%	32,03%	50,00%	0,00%	71,43%	20,00%

Con todo, como dicíamos, gustaríanos que fixesen unha reflexión sobre **por que nin o alumnado opta pola Dual, nin por que a maior parte del, nos centros públicos cando menos, non remata titulando e por que tamén**, malia a súa insistencia porque as empresas se adheriran a esta fórmula, **a oferta nesta modalidade non acaba de funcionar e hai ciclos nos que pese a ampliarse o prazo de matrícula o máximo posíbel ou promocionalos de mil formas contan con moi pouco alumnado. Para este ano aumenta a oferta da dual intensiva nun 45% pero, agora ben, facémonos unha pregunta.** As empresas van pagar, aínda que sexa pouco, por algo máis de 1000 horas de formación do alumnado, nunca sabemos ben cantas son porque como non aparece reflectida a actividade profesionalizadora nos convenios, se finalmente poden ter 700 horas gratis coa modalidade dual xeral na que ademais supoñemos que da cotización se farán cargo as administracións públicas? Está claro que **a intención da Consellaría ao elevar ao máximo as horas de formación nas empresas**, aínda con toda a flexibilidade que se permita e sabendo que non irá todo o alumnado de primeiro, **vai no camiño de fornecer aínda máis con man de obra gratuíta o sector empresarial, en realidade as grandes empresas claro está, porque as pequenas, esa porcentaxe do 63% sobre o total que representan os autónomos e autónomas no noso país, serán as que non poidan beneficiarse desta política que é cada vez máis económica e menos educativa.** En calquera caso, chégannos tamén queixas de centros aos que se lles suprimen ciclos ordinarios e só se ofertan en dual como o de Xestión de Aloxamentos Turísticos no CIFP Fragas do Eume. Aproveitamos para preguntar se é un erro esa supresión ou non.

A directora xeral responde a esta última cuestión que foi unha petición expresa do centro manter só a oferta dese ciclo en dual porque non contaban con empresas suficientes para os dous. Manifestou a nivel xeral que non comparten as nosas apreciacións ao respecto da modalidade dual actual e que están convencidos de que é un modelo que si que funciona e que, en todo caso, non é a oferta maioritaria.

Falta de transparencia sobre os datos da oferta privada e concertada

Un ano máis solicitamos que se nos dean **datos dos concertos educativos na FP** dado que este é un órgano no que están representadas distintas entidades que representan as empresas, algunhas delas moi interesadas neste punto, e non sabemos cal é o motivo polo que se cingue a información á oferta pública. De novo temos que enterarnos pola propia publicidade ou información nos medios desta oferta que practicamente na súa totalidade **é autorizada e homologada pola Dirección Xeral de FP.** Podemos poñer moitos exemplos pero hai casos extremadamente graves, como é o da **cidade de Vigo**, a máis poboada industrializada do país, que nestes intres **ten 25 centros privados e concertados** (acaba de anunciar Nortempo que se suma tamén á burbulla dos fondos europeos) **fronte a 9 públicos**, unha proporción absolutamente inaudita noutras ensinanzas (datos das estatísticas oficiais do MEFPD).

Aquí hai unha realidade que non só coñecen senón que consisten como administración e é que **se está apuntando á mercantilización da FP todo tipo de empresas**: academias, colexios tradicionalmente de infantil, primaria e ESO, mesmo os do Opus que segregaban por xénero o alumnado e que tamén deben ter problemas de natalidade, ETT's, empresas que operan no ámbito socio-sanitario de forma moi descarada combinando a formación teórica nunhas instalacións de carácter educativo e a parte práctica directamente no centro sanitario ou no centro de día ou residencial que xestionan... É tal o escándalo de todo o que se move arredor da FP que algunhas empresas están autorizadas por administracións educativas de fóra de Galiza pero están impartindo ciclos, sobre todo a distancia, para todo o Estado, a saber con que contidos e con que profesorado, porque imaxino que se autorización vén de fóra a inspección educativa galega non está a comprobar esa información.

En definitiva, saben como se sente o profesorado dun centro ao que lle din que non pode incrementar a súa oferta por falta de espazo e que ten xusto enfronte un centro privado impartindo eses mesmos ciclos que se lles negan? Pois isto está acontecendo en moitas localidades galegas. Por certo, aproveitamos para **preguntar que se sabe do Centro Integrado prometido en campaña electoral en Conxo polo conselleiro para ciclos precisamente da rama sanitaria** dado que na capital de Galiza só hai un centro público que imparte estas ensinanzas e sen moita capacidade para medrar. Queremos saber se era simplemente un anuncio ou hai algo máis detrás do mesmo.

Igualmente cremos lembrar que **a única referencia ao ensino non universitario en campaña electoral do presidente Rueda** tiña que ver cun **Plan de potenciación da FP básica**. Á vista da oferta presentada hoxe imaxinamos que **ese plan aínda está por vir** porque, e por unha vez estaríamos de acordo en que esta debiera ser unha prioridade para calquera goberno, ademais de prestixiar esta etapa e non convertela no colector do alumnado desafiuzado do sistema, **non vemos un incremento exponencial da oferta destes ciclos nin da súa distribución por todo o territorio**. É máis nos datos remarcados pola Consellaría no rural medran máis os ciclos medios e superiores que os da FP básica e precisamente estes últimos non funcionan na maioría dos casos porque pola idade do alumnado non pode desprazarse fóra da súa localidade e a única oferta existente na mesma non coincide cos seus intereses. Pola nosa parte, **esta petición trasladámoslla ao Ministerio nas Mesas Sectoriais**, para que vexan que estamos en sintonía co que prometeu o presidente da Xunta, e ademais **pedímoslle encarecidamente que aumentara a diversidade de títulos deste tipo**. É increíble que non existan ciclos básicos de todas as familias profesionais e que o último paquete de títulos se aprobara en 2015. É dicir, **desde hai 9 anos só se aprobou un novo**. Nesas negociacións que teñen co Ministerio creo que este debiera ser un tema prioritario, e polo que destacan nas súas notas de prensa non o parece. En calquera caso **pedimos detalles dese Plan FPGAL360**, en que vai consistir, cantos fondos e recursos se van dedicar a el e se se vai levar a cabo.

Sobre este punto a directora xeral en primeiro lugar di que non lle corresponde ao seu departamento autorizar os concertos educativos polo que non pode dar resposta a esa pregunta. No caso dos centros privados asegura ser consciente de que a proliferación dos mesmos pode ser un problema pero que se unha determinada empresa presenta unha proposta e cumpre os requisitos teñen que autorizarlle a oferta que solicitan. Así mesmo, aclara que os que autoriza a Xunta están baixo a supervisión da inspección educativa, non así se están autorizados por outras comunidades aínda que operen en Galiza.

No caso do centro integrado previsto en Conxo informa de que teñen intención de que se materialice pero que hai moitas cuestións, relativas a Patrimonio e demais, que non están nas súas mans.

E, por último, sobre o Plan para dinamizar a FP básica efectivamente confirma que aínda non está en marcha e que se darán detalles do mesmo en canto se pretenda levar a cabo.

Consideracións varias sobre a reforma da FP e propostas da CIG-Ensino

3.1.- Falta de interlocución e negociación na reforma da FP

Tendo en conta que non hai outro foro de interlocución coa Dirección Xeral alén deste, consideramos unha boa nova que por fin anuncien a convocatoria dunha **Mesa Sectorial** para abordar o que nestes intres ten absolutamente ocupado e preocupado ao profesorado de FP: a reforma normativa a través dunha Orde provisional para o curso 24/25 e o posterior deseño dun Decreto que ordene e regule estas ensinanzas en Galiza. Cóstanos ademais de que son conscientes do malestar existente entre o mesmo:

- Primeiro coa aposta -para nós nada inocente- de **levar ao máximo as horas de formación na empresa** deixando as obrigatorias para segundo curso.
- Despois ao **duplicar o módulo de inglés profesional** que, insistimos, aínda están a tempo de rectificar, miren o que se está a facer noutros territorios do Estado incluso por Consellarías da súa mesma cor política ou fágannos caso e **incorporen o módulo de segundo como complemento formativo fóra do currículo e das 2000 horas dos ciclos**
- E, por último, realizar unha **distribución dos novos módulos e unha atribución horaria dos mesmos sen deixar ningunha marxe para que os grupos de traballo puidesen abordar a reorganización dos ciclos no seu conxunto**. Son numerosas as peticións que teñen neste sentido porque así tamén nolo trasladaron a nós tanto participantes nos grupos de traballo como profesorado en xeral. A súa estratexia de que a reforma pase desapercibida o vindeiro curso e que os cambios drásticos non se noten até o 25/26 non deu resultado e está claro que aquí todo o mundo está botando contas da incidencia das horas que se recortarán de formación no centro nos módulos profesionais cando isto se implante completamente.

Con todo, e á espera de que se produza esa Mesa Sectorial a continuación plantexamos xa algunhas cuestións para que as analicen polo miúdo, que deben ser contrastadas coa representación sindical do profesorado porque obviamente nos afecta, e moito, directamente nas nosas condicións laborais.

3.2. Atribución docente dos módulos de Inglés profesional

Sobre este tema o Ministerio foi moi tallante en que lle corresponde ao profesorado da especialidade de Secundaria pero **desde o noso punto de vista, e así llo fixemos saber, hai marxe para que o módulo de segundo**, que entendemos é de competencia autonómica, **sobre todo se pasa a complemento formativo como propón a CIG-Ensino, poida impartilo tamén profesorado das familias profesionais con C1 preferentemente ou B2 excepcionalmente**. Pregunto porque nos centros xa están tanteando o profesorado nestes intres e nalgúns casos vai haber que completar horario e seguramente si que o teña que impartir profesorado de FP pero nunha resposta por escrito que nos deu a Secretaría Xeral de FP parece que pechan esta

opción dicindo que este módulo substitúe ao anterior xa existente de Inglés en CM e CS, mantén o mesmo código, e polo tanto só lle corresponde impartilo a profesorado de Inglés.

Nós independentemente de que xa formulemos cal é a nosa proposta, que é que sexa un complemento formativo e non lle detraia horas aos módulos profesionais de segundo, tendo en conta ademais que a FP non está para solventar as carencias que poida ter o alumnado no dominio desta lingua senón para formalo en competencias profesionais e que, de ser reforzado, teno que ser nas ensinanzas obrigatorias, pedimos que se nos responda que vai pasar finalmente coa súa atribución docente.

Neste sentido a directora xeral amosouse coincidente con esa flexibilidade tendo en conta que o currículo dese módulo é de inglés técnico aplicado a cada sector produtivo pero indicou que non teñen resposta clara do Ministerio sobre a atribución docente. Non respondeu, porén, a se as 120 horas van contar dentro das 2000 horas ou non, como propón a CIG-Ensino.

3.2. Incrementar as horas dos ciclos como alternativa á perda de calidade que supón esta reforma

Reiteramos tamén a nosa proposta, a única que permite a limitada normativa estatal, de **incrementar o número de horas dos ciclos incorporando novos módulos profesionais como formación complementaria no centro para chegar na modalidade dual xeral a 2200 e na intensiva a 2800 horas e que á vez permita actualizar os currículos dos ciclos** que, como a CIG-Ensino puxo de manifesto na Mesa Sectorial docente do Estado, nalgúns casos están totalmente desfasados. Neste sentido, dado que se leva tanto atraso no desenvolvemento do Decreto galego pódese aproveitar para facer unha avaliación de que ciclos precisan deste incremento e cales non, en colaboración co profesorado dos mesmos. Como sindicato o que queremos é que se negocie esta cuestión. Probabelmente non teña que ser en todos e na FP básica, por exemplo, poden quedar como están, pero si noutros, sobre todo medios e superiores. Tal e como nos traslada o persoal docente a adquisición dos resultados de aprendizaxe dos módulos profesionais vai quedar absolutamente diluída coa nova normativa e o alumnado vai titular cunha competencia profesional moi reducida, sobre todo se no período de formación da empresa só ve unha parte moi concreta de todo o ciclo. Isto xa acontecía agora na FCT pero estaba garantida previamente a formación ampla e transversal no centro educativo. En definitiva pedimos que se negocie todo isto tendo en conta que a normativa galega aínda está sen comezar a definir.

Sobre este aspecto a directora non se pronunciou e simplemente fixo unha alusión xeral a que todo o referente á nova reforma da FP se tratará na Orde para o curso 24/25.

3.3. A formación do profesorado privatizada até o extremo e o galego aínda máis relegado da FP

Sobre a formación do profesorado non podemos máis que lamentar que **cada vez sexa máis evidente a súa privatización**, tanto nos eventos que celebra a Consellaría onde semella que sempre están as mesmas empresas en calidade de “referentes”, como nos cursos que oferta. Actualmente o profesorado de FP vén de recibir un email moi polémico da **Fundación Naturgy que será a encargada**, entre outras accións, **de impartir a formación do novo módulo de Sustentabilidade**, alén de estar as editoriais bombardeando con manuais para os novos módulos nos centros. Por suposto toda esta formación, incluída a de Naturgy, **está**

unicamente en español. Se a Xunta asinou un convenio con esta entidade, que xa de por si é cando menos criticábel, que lle esixa que a formación se imparta en galego. En calquera caso, preguntámonos se non hai docentes de FP debidamente cualificados aos que encargarlles desde hai uns meses (lembremos que os currículos básicos estatais dos novos módulos están publicados desde xullo de 2023) material didáctico en galego tanto de IPE como de Sustentabilidade e de Dixitalización aplicados aos diversos sectores produtivos? Non se puideron constituír grupos de traballo neste sentido ou regulado licenzas por formación con este fin? Acontece o mesmo coas prazas do Piale, que non se tivo en conta a necesidade de orientalas á docencia do módulo de Inglés profesional, polo tanto, e malia a boa vontade que poña o profesorado encargado de impartilo, seguramente ao final se trate dunha ampliación do inglés da ESO e do Bacharelato pero non do dominio do vocabulario e da documentación técnica específica en cada área profesional. Estamos falando dun investimento pequeno para a Consellaría en comparación coa organización dalgúñas xornadas e eventos dos que tamén nos gustaría ter capacidade de fiscalización dos fondos investidos, porque semella que para unhas cuestións si hai cartos e para outras non.

En calquera caso, o que está claro é que despois da implantación desta norma **a FP pasará a ser a etapa máis desgalguizada do ensino galego** e, xustamente cando o seu utilitarismo na práctica totalidade dos sectores produtivos é infinitamente superior ao do módulo de inglés que, contará con 120 horas obrigatorias porque así o determina a súa política lingüística. Se non chegaba con que Decreto de plurilingüismo nin sequera garantira a impartición da metade dos módulos dun ciclo en galego, agora a presenza do noso idioma quedará reducida á mínima expresión e dependerá da heroicidade de quen prepare materiais específicos na nosa lingua fronte a todos os recursos existentes en español e mesmo en inglés, porque o que podemos ter por certo é que **habrá antes manuais de inglés profesional por familias profesionais que de calquera módulo profesional EN galego.**

A directora xeral informou que foi a Fundación Naturgy a que se ofreceu a dar esta formación de forma “gratuíta” para todas as comunidades pero que prevén facer outra máis adiante por parte da Consellaría e que será en galego. No caso do material para Inglés Profesional revela que están traballando tamén para ter material didáctico pero non especifica nada en concreto de como se vai garantir a impartición cando menos da metade dos módulos dos ciclos no noso idioma.

3.4. Xestión da formación na empresa ou organismo equiparado¹

Que vai pasar se o alumnado, todo ou parte del, non vai á empresa en primeiro? Continuarase coa adquisición dos RAs no centro educativo? Realizaranse prácticas asimiladas a estar nunha empresa e polo tanto procederá a súa cotización? Canto tempo de liberación horaria se contempla para a titoría de dual que segundo o RD 659/2023 debe existir en cada grupo? Que papel van seguir tendo as empresas na selección do alumnado? Xa sabemos o que di a norma pero hai queixas tamén de preguntas inapropiadas nas entrevistas e de que se pode estar discriminando o alumnado por cuestións de diversidade funcional. Queremos incidir en que quen mellor coñece o alumnado é a equipa docente e nomeadamente a persoa titora do grupo así que debe ser o seu criterio o que impere á hora de determinar tanto se se envía á empresa

¹ Este punto non puido ser tratado por falta de tempo pero seralle trasladado á Consellaría en futuros órganos de negociación.

como a cal. Que centros van contar coas novas figuras de coordinación docente? Na LOFP refírese a **centros integrados e especializados** e define estes últimos como aqueles que imparten FP de forma exclusiva pero en Galiza hai algúns casos que deberan ter esta consideración e contar con estes perfís malia que non cumpran estritamente con este requisito. É o caso do San Clemente por exemplo, ou mesmo do IES Lamas de Abade, Pontepedriña ou Fontiñas por poñer algúns exemplos de Compostela onde a parte de FP funciona totalmente autónoma ao respecto do resto de ensinanzas e teñen un alto volume de alumnado matriculado malia non seren centros especializados, polo que deberían contar con estas figuras.

3.5. Novos graos A, B e C

Non sen tempo, o Ministerio presentou os proxectos de RD destes novos graos que basicamente parten as unidades de competencia en acreditacións parciais, así que tampouco entendemos como leva tanto atraso. En calquera caso, **que ten previsto facer a Xunta de Galiza? Vai seguir mantendo a maior parte das antigamente denominadas formación continua e ocupacional fóra do sistema educativo ao contrario do que di a Lei Orgánica?** Para un aspecto positivo que tiña esta norma e tendo en conta que o maná de fondos para a FP que están vindo estes anos da UE, a cambio loxicamente de cumprir con todas as reformas incluída a destas ensinanzas, os xestiona integramente o Ministerio de Educación, como é posíbel que aquí unha cantidade inxente dos mesmos siga baixo o control da Consellaría de Emprego, Comercio e Emigración? **Vanse seguir impartindo só graos C nos centros educativos galegos ou ampliarase a oferta de graos A e B tamén, tal e como indica o RD 659/2023?**


E falando de emigración, **que está previsto para o alumnado inmigrante que non ten a súa situación regularizada?** Este ano houbo dificultades para a súa alta na Seguridade Social. Nós entendemos que se lle debería permitir realizar a formación na empresa co seguro escolar como até agora na FCT para non discriminalo por unha situación que non está nas súas mans darlle solución. O que está claro é que non ten moito sentido que se poidan matricular nunhas ensinanzas que non van poder completar e debe ser un tema a abordar entre as administracións competentes. De feito así llo trasladamos ao Ministerio de Educación para que fíxese as xestións oportunas diante do Ministerio da Seguridade Social.

4.- Varios

Por último, temos que facer referencia a un problema, do que é coñecedora a Consellaría e que segue sen solución, que nos trasladan **catro institutos que imparten o Ciclo Medio de Guía do Medio Natural e do Tempo Libre. Os equipos directivos dos tres centros públicos da provincia de Pontevedra e do IES Porto do Son** reuníronse persoalmente con vostede para pedir solucións á falta de financiamento para o desenvolvemento de todas as actividades que engloba o seu currículo. Son centros que xa están recorrendo ao uso de instalacións e recursos externos pero que cifran en **arredor de 50.000 euros** o orzamento que precisan para poder ofertar con certa calidade a formación práctica dos distintos módulos. Polo que parece, a solución achegada desde a Consellaría é que busquen fontes de financiamento a través de cursos AFD ou doutras fórmulas como a sinatura de acordos ou convenios con entidades públicas ou privadas. Desde os centros xa se están a facer estas xestións pero aínda así o uso externo de destes recursos non sae gratis. Polo que temos entendido os outros dous centros públicos que imparten este ciclo non teñen este problema, posibelmente por enmarcarse en

localidades con maiores posibilidades de colaboración externa, maior poboación e recursos. Non sabemos en que condicións se está impartindo este ciclo nos centros privado e concertado que o ofertan tamén nas provincias da Coruña e Pontevedra. O que parece patente é que **na rede pública hai unha discriminación en clave territorial que só a administración educativa pode resolver**. A intención que nos trasladan os catro centros é que van seguir petando en todas as portas posíbeis e mobilizándose coa comunidade educativa para reclamar o ensino que merece o seu alumnado, dado que ademais estamos ante ciclos que teñen demanda e que poden contribuír a diversificar o turismo e as actividades de tempo libre en Galiza, unha iniciativa que por certo enmárcase perfectamente nos eixos da Axenda 2030 sustentabilidade, protección do territorio, economía verde e azul. Segundo nos comentan, hai mesmo un escrito dos distintos inspectores deses centros apoiando as súas reivindicacións. Agardemos, polo tanto, que desde a súa Dirección Xeral busquen unha solución e destinen o orzamento necesario para o seu correcto desenvolvemento porque hai rumores de que se está traballando no Centro Eduardo Barreiros de simuladores de natación e doutras actividades físico-deportivas como posíbel alternativa á formación práctica.

Neste punto a directora xeral límitase a dicir que o problema está encauzado pero sen indicar a través de que solución, se a de conceder o financiamento que se solicita ou simplemente que cada centro teña que buscar os recursos pola súa conta.



Confederación Intersindical Galega
ENSINO